

MURALLAS NON SÓ PARA A DEFENSA

CASTRO DE TROÑA



Muralla defensiva do primeiro recinto fortificado de 3,6 metros de altura e 1,6 de anchura

Muralla defensiva do segundo recinto fortificado de 1,7 m de anchura

Cabana principal de 3,6 m de diámetro

Vestíbulo ou adro

Posible silo ou almacén carente de porta

As construcións que conforman as unidades domésticas nunca comparten muros medianeiros

A primeira muralla do castro está formada por pedras irregulares de tamaño desigual. Conserva ata 3,60 m de altura por 1,60 m de anchura e dúas caras labradas, unha interna, conformada por cachotes de pequeno tamaño, e outra externa, constituída por anacos de pedra meirandes e mellor dimensionados.

A fortificación dos castros, aldeas prehistóricas situadas en altura, ten lugar a partir da Idade do Bronce (1.800-800 a.C), momento no que se realiza con materiais perecedoiros. Durante a Idade do Ferro (800 a.C-s. I d.C) moitos destes asentamentos, caso de Troña, seguen ocupados e aparecen outros novos, de aí que decidan renovar e fortalecer as súas defensas utilizando murallas de pedra.

Construír unha muralla supuña un traballo colosal; había que escavar foxos e levantar parapetos de terra e pedras; por último, erguer paredes e coroalas con muros ou estacadas de madeira. O obxectivo era dotar á aldea dunha protección en caso de ataque, pero tamén dun elemento simbólico que aumentara o seu prestixio. O control da poboación que vivía no castro puido ser outra das funcións da muralla.

A primeira muralla de Troña, que abranguí a o recinto máis elevado do castro, tiña un perímetro duns 360 m. A muralla do segundo recinto, consecuencia do crecemento da poboación, ten uns 327 m de lonxitude total e desenvólvese na ladeira noroccidental.

AMARRADOIROS

En Troña a maior evidencia do peso da gandaría na súa economía puideron ser os múltiples amarradoiros –algúns deles decorados con motivos en forma de rombo e V– que se documentaron aquí desde finais da década de 1920. A súa abundancia e tamaño poderían vincularse a termar da facenda das familias, que constituía unha parte fundamental da economía dos habitantes do castro.

Porén, algúns investigadores cren que os amarradoiros, **que se colocarían empotrados nas paredes das construcións, puideron ter unha función arquitectónica máis que gandeira, isto é, vinculada á suxeición con cordas das cubertas de colmo das cabanas do poboado.**



Cerámica indíxena

Os fragmentos de cerámica atopada no castro, procede maioritariamente dos espazos de tránsito, isto é, das "rúas" da aldea, o lugar no que se depositaban os restos das cerámicas rotas que xa non eran útiles para os seus habitantes.

Os recipientes utilizados polos galaicos son de diverso tipo e tamaño (almacenamento de froitos, de sementes, líquidos, fariñas...). As xerras e os recipientes de pequeno e mediano tamaño -formado por recipientes de forma globular- eran decorados con motivos xeométricos fundamentalmente que se gravaban con dúas técnicas principais: a incisión e o estampillado.



Fragmento de cerámica decorada con bandas verticais incisas e un estampillado horizontal en forma de SSS

2 4 6 8 cm

Cerámicas a tamaño real



Fragmento de xerra con asa, un dos escasos exemplos de cerámica de mesa documentada no castro

